

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a. María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Vanessa Quintela Pedreira

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

ACTA

En Arzúa, a 30 de xuño de 2017.

Sendo as 20:10 horas, reúnen no Salón de Sesiões da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Non asistindo a esta sesión a concelleira do PP dona Evangelina-María Orois Conde, a concelleira do PSdeG-PSOE dona Begoña Balado Conde e a concelleira de Alternativa por Arzúa dona M.^a Carmen Torreiro González.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 5 DE MAIO DE 2017.

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E RECREATIVAS NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

Polo secretario dáse lectura do ditame emitido en relación con este asunto, pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017; no seguinte sentido:

"Polo Presidente da Comisión explicase o seguinte:

- Que en relación con esta ordenanza detectáronse algúns aspectos susceptibles de mellora no relativo ás normas de xestión.

- Que polo servizo de deportes propónse a fixación de prazos únicos para a inscrición de actividades deportivas, establecéndose un prazo inicial único de 15 días naturais, e un prazo adicional único de 30 días naturais, que comenzará a contar logo de rematado o primeiro prazo.

- Que dese modo desaparece a posibilidade de inscribirse nas actividades de curso completo logo de rematados ditos prazos, que era algo que estaba xerando problemas á hora de coordinar o desenvolvemento de ditas actividades, cando uns alumnos empezaban ao inicio do curso e outros mais tarde.

Intervén o Sr. García Couso (de CxG), manifestando que non ten a documentación completa polo que se pronunciará no Pleno, e que de momento vaise abster.

Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) no mesmo sentido, manifestando que se pronunciará no Pleno, e que de momento vaise abster.

Intervén o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP), comentando que teñen que examinar ben toda a documentación e que tamén se pronunciarán no Pleno.

Tras o exposto o Presidente da Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por catro votos a favor (de AxA) e catro abstencións (1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente o expediente de modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades deportivas e recreativas nas instalacións municipais"

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expoñer:

- Que mantén a mesma posición que na sesión da Comisión informativa; e se ben pode ser que sexa bo, para a organización desas actividades, que haxa eses prazos limitados para a inscrición, estamos falando de unhas actividades non regladas.

- Que pensa que algúns interesados nas actividades poden quedar fora por falta de coñecemento do prazo de inscrición ou por chegar ao Concello de novo.

Polo tanto vaise abster.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expoñer que o grupo político do Partido Popular vai votar a favor, pero pensa que tería que haber un determinado marxe circunstancial para determinados casos, porque poden vir persoas de fóra de Arzúa, e sempre hai circunstancias que habería que ter en conta.

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que a idea de modificar esta ordenanza débese a unha proposta do animador deportivo e do concelleiro de deportes, ao recoller as inquietudes dos monitores que

prestan os servizos; aínda que tamén é certo que algunha actividade é máis problemática que outra.

- Que se establece un período bastante longo para que a xente se entere dos prazos de matrícula, son quince días o primeiro prazo, mentres que o segundo é dun mes.

Tras o exposto o alcalde someteu a votación ordinaria a aprobación da modificación da citada ordenanza nos aspectos relativos as normas de xestión.

Adoptándose -por nove votos a favor (6 de AxA e 3 do PP)- coa abstención do concelleiro de CxG-CCTT- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades deportivas e recreativas nas instalacións municipais.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Cuarto.- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente -o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que sexa publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince hábiles a que se refire o artigo 70 n.º 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Base do Réxime Local; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Punto 3º) DERROGACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURALS DE BAILE.

Polo secretario dáse lectura do ditame emitido en relación con este asunto, pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017; no seguinte sentido:

“Polo Presidente da Comisión explícase:

- Que logo de terse aplicado esta ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades culturais de baile, o departamento de cultura considerou conveniente incrementar o número de actividades culturais a ofertar.

- Que os prezos regulados nesta ordenanza non se poden aplicar ás novas actividades propostas, xa que se refiren exclusivamente a baile.

- Que o motivo da derogación desta ordenanza é precisamente adoptar un novo

acordo de establecemento de prezos públicos para as actividades de baile, robótica e pintura, quedando aberta a posibilidade de repercutir prezos públicos por outras actividades que se acorde ofertar nun futuro, mediante a adopción do acordo correspondente.

Intervén o Sr. García Couso (de CxG), manifestando que polo momento vaise abster e que se pronunciará no Pleno.

Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) manifestando que vai votar a favor.

Intervén o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) comentando que vanse abster de momento e que se pronunciarán no Pleno.

Tras o exposto o Presidente da Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por cinco votos a favor (4 de AxA e 1 do PSdeG-PSOE) e tres abstencións (2 do PP e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente o expediente de derogación da ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades culturais de baile.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que este punto está relacionado con outro punto tratado na mesma sesión da Comisión especial de Contas, relativo ao establecemento e fixación de prezos públicos por razón de actividades culturais, polo que considera que pode ser adecuado derrogar esa ordenanza, xa que o seu obxecto pode ser regulado cando se establezan os prezos públicos por actividades culturais a través de outra ordenanza.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que non ten nada que obxectar.

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que se pasa a variar o prezo das actividades de baile de 25 euros ao mes a 20 euros ao mes.

- Que se incorporan dúas novas actividades: unha de pintura, que costará 14 euros ao mes e outra de robótica, que costará 20 euros mes.

- Que -en canto aos prazos de inscrición- vai ser como nas actividades deportivas, haberá un prazo inicial de quince días e outro adicional de trinta días naturais.

- Que, aparte da bonificación que xa estaba estipulada, introdúcese unha nova para aplicar un 30% no caso de que unha mesma persoa se inscriba en dous ou mais actividades culturais.

Tras o exposto o alcalde someteu a votación ordinaria a derogación da citada ordenanza;

Adoptándose -por unanimidade dos dez membros asistentes- os seguintes

acordos:

Primeiro. - Aprobar provisionalmente a derogación da ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades culturais de baile.

Segundo. - Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles; dentro dos que os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro. - Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da derogación da referida ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamación durante o período de exposición pública.

Cuarto. - No anterior suposto (de aprobación tácita), publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncio da Casa do Concello, a referida ordenanza, así como este acordo de derogación da mesma.

Punto 4º) ESTATUTOS DA ASOCIACION DE MUNICIPIOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017; no seguinte sentido:

“Pola presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, dáse conta do contido dos estatutos da asociación de municipios do Camiño de Santiago, que se pretende constituír cos municipios polos que descorre o Camiño de Santiago, para o cumprimento dos fins e a realización das actividades que figuran detalladas nos artigos 5 e 6 de ditos estatutos, cuxa copia foi remitida a este Concello.

Engadindo a Sra. Varela Duro que, como entre as obrigas dos concellos asociados, figura o abono das cotas, quere indicar que esas cotas se determinaran para cada concello en proporción ao número de habitantes, que no caso de Arzúa virá a representar uns 3.000 euros, que serán asumidos pola Secretaría Xeral de Turismo.

Tamén se indica pola Sra. Varela Duro que na disposición adicional primeira deses estatutos figura cal sería o procedemento de creación da citada asociación.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expoñer tres cousas:*

-Unha, que considera que, se se crea esta asociación pode haber unha duplicidade coa mancomunidade de concellos galegos do Camiño Francés, que ven funcionando xa desde hai moitos anos.

- Outra, que lle gustaría saber cal é o ámbito territorial que comprende esta

asociación, posto que non se indica se é a nivel de Galicia, a nivel do Estado español ou a nivel de Europa.

- Outra, que considera que os estatutos terían que vir redactados en galego.

** Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para preguntar tamén polo ámbito da asociación de municipios do Camiño de Santiago que se pretende constituír.*

Manifesta ao respecto a Sra. Varela Duro que estes estatutos proveñen de Jaca e, á vista do disposto no seu artigo 3, entende que á asociación estenderá o seu ámbito a todos os municipios polos que discorre o Camiño de Santiago.

** Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular esperara á sesión do Pleno, para ter maiores elementos de xuízo para pronunciarse sobre este asunto.*

Tras o exposto, a presidenta da Comisión informativa someteu a votación ordinaria as seguintes cuestións: a vontade de crear e formar parte da asociación de municipios do Camiño de Santiago e a conformidade cos estatutos polos que se rexirá esa asociación.

Pronunciándose a favor os tres concelleiros de Alternativa por Arzúa, mentres que os catro restantes (2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT) abstiveronse.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:*

- Que, antes de manifestar a súa postura, lle gustaría que o ben polo alcalde ou ben polo secretario se lle aclarasen unhas dúbidas que ten, porque na convocatoria desta sesión do Pleno fálase de aprobación dos estatutos; e pregunta:

• ¿Se se trata de aprobar eses estatutos ou de aprobar a pertenza ou incorporación do Concello de Arzúa, como así figura na disposición adicional 1ª de ditos estatutos?; pasando a ler dita disposición adicional.

• ¿Se a cota de 3.000 euros que corresponde pagar a este concello, que se dixo que sería pagada pola Secretaría Xeral de Turismo, fixouse en función da poboación?, porque o Camiño francés desde os Pirineos ten poboacións como Pamplona, Logroño, Burgos, Leon, Astorga, Ponferrada ou Santiago de Compostela que ten moita máis poboación que Arzúa; entón ¿Que cota lles corresponde a eses concellos e que orzamento ten esta asociación?, porque -se a cota é en función da poboación- esas cidades grandes e capitais de provincia terán unha cota máis elevada, e o mesmo sucedería con Santiago.

Seguidamente, con respecto a primeira pregunta, o secretario informou -ao Sr. García Couso- que o enunciado deste punto da Orde do día ao mellor podía ser máis completo, pero esa posible falta de concreción suplea con creces o acordo que adoptou a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión do día 26 de xuño, porque nese acordo dise o que se somete a votación e o que se acorda; que foi a vontade de

crear e formar parte da Asociación de Municipios do Camiño de Santiago e a conformidade cos estatutos polos que se rixirá esa asociación, tal como se esixía na disposición adicional deses estatutos, cuxa disposición lera previamente a presidenta de dita Comisión informativa, Sra. Varela Duro naquela sesión.

E, en consecuencia, estes pronunciamentos serán sobre os que deba pronunciarse agora o Pleno deste Concello.

Mentres que, en canto á segunda pregunta, o alcalde explicou:

- Que o que nos corresponde pagar a nós son 3.000 euros, porque se trata dun concello de mais de 5.000 habitantes, e lembra que as cotas a pagar viñan previstas nun cadro incluído no convenio coa Secretaría Xeral de Turismo, que se asina todos os anos para a limpeza do Camiño e para o mantemento da persoa que xestiona durante todo o verano a oficina de turismo.

- Que este ano xa non nos corresponde o mantemento do Camiño, pero seguennos dando a mesma cantidade que nos viñan dando.

- Que non ten inconveniente en traer o cadro para a vindeira sesión do Pleno, ou en outro día, porque cre que esas cantidades veñen especificadas no convenio.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar:

- Que cre que todo o que sexa fomentar o Camiño e melloralo é positivo para un pobo como Arzúa, e en xeral para todo o Camiño de Santiago.

- Que a Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés, que ven funcionando xa dese hai moitos anos, se refire a Galicia; mentres que a Asociación de Municipios do Camiño de Santiago é mais de ámbito nacional ou case internacional.

E aínda que só sexa a nivel nacional sería bo que houbera un acordo entre os distintos concellos, para facer propostas en común; pero puntualizando que, se hai organismos paralelos que se solapan, habería que suprimilos.

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que cre que sería positivo pertencer a Asociación do Municipios do Camiño de Santiago, por varios motivos:

- Porque algúns dos fins que vai cumprir esta asociación van a ser distintos aos fins que cumpre a Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés, porque unha é de ámbito nacional e a outra é de ámbito autonómico.

- Porque, se non pertencera ningún concello galego á Asociación de Municipios do Camiño de Santiago, suporía que a balanza de concellos representados na mesma se inclinase mais hacia os concellos de ámbito nacional; e convén que non sexa así.

- Porque se no caso de Arzúa, se poidera obter calquera tipo de subvención, ou si se toman medidas en canto á regulación do Camiño Francés, sería complicado non beneficiarse delas por quedar fóra desta asociación.

- Porque á Asociación de Municipios do Camiño de Santiago pertencen concellos de distintos cores, Santiago e Portomarín foron dos primeiros en incorporarse; e en Santiago goberna As Mareas, mentres que en Portomarín goberna o Partido Popular. E o último en incorporarse foi Monterroso, onde gobernan os independentes.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que a súa posición vai a ser en contra, porque considera que esta asociación -cun orzamento importante- vai ser un chiringuito máis que se crea con sede na cidade de Jaca, a 800 quilómetros de Arzúa, que se solapa coa Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés e que non representa a outros camiños que tamén pasan por Arzúa, como poden ser o Camiño Primitivo e o Camiño do Norte.

- Que sería partidario de que estes fondos foran destinados a promover entidades con representación da sociedade e non da Administración, como as que xa existen: “Amigos do camiño”, “Hospitalarios do camiño” ou outras entidades particulares como poden ser de hosteleiros, albergues, hoteis...

- Que o que pode facer a asociación non pode ir en contradición coas sociedades que teñen moita participación no Camiño, como poder ser o Consorcio do Xacobeo ou o propio Camiño como patrimonio da Humanidade.

- Que cre que o Camiño xa está regulado dabondo, e a esta “Asociación de Municipios de Camiño de Santiago” non lle ve utilidade ningunha; polo tanto vai a votar en contra.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde, indicou que ía someter este asunto a votación ordinaria; expresando que os termos desa votación serían os mesmos que os fixados cando se tratou este mesmo asunto na sesión da Comisión informativa para Asuntos do Pleno.

Adoptándose -por nove votos a favor (6 de AxA e 3 do PP) e un en contra (de CxG-CCTT)- os seguintes acordos:

Primeiro.- Mostrar conformidade coa creación da Asociación de Municipios do Camiño de Santiago, e cos Estatutos presentados a este Concello, polos que se rexirá esa asociación.

Segundo.- Expresar a vontade deste Concello de formar parte de dita asociación.

Terceiro.- Remitir unha certificación deste acordo ao domicilio social da asociación na calle Mayor, n.º 24 de Jaca (Huesca).

Unha vez adoptados os anteriores acordos, o secretario informou que -en concordancia con eses acordos- procedería designar ao representante deste Concello á Asamblea Xeral, para participar no acto constituinte da asociación (como se establece na Disposición Adicional Primeira dos citados Estatutos).

Manifestando o Sr. alcalde que ese representante do Concello sería el, sen que houbera ningunha manifestación en contrario; polo que quedou designado o alcalde para ostentar esa representación do Concello de Arzúa.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTION MUNICIPAL

*Punto 1º) **TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DITADOS POLO ALCALDE NOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2016.***

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 2 de novembro de 2016 -en que foi ditada a resolución mais inmedita a última do día 30 de outubro de 2016 (da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día 29 de marzo de 2017)- ata a ditada o día 30 de decembro de 2016.

Estando referidas:

* A primeira resolución (*reflectida no folio 9.000 e volto e 9.001*), á aprobación da lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos no procedemento de selección, polo sistema de oposición, dun operario de servizos varios, para ser contratado na modalidade de contrato de interinidade, durante o tempo en que o traballador don Manuel Codesido García permaneza de baixa por enfermidade, ata que se produza a reincorporación do mesmo ou a provisión do seu posto de traballo.

* Mentres que a última resolución (*reflectida no folio 1.137 volto e 1.138*), refírese á resolución de discrepancias formuladas nun informe de reparo emitido pola interventora municipal, con data 30 de decembro de 2016.

Tendo en conta:

- Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e
- Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse -por unanimidade dos dez membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

*Punto 3º) **ROGOS E PREGUNTAS***

I) Polo concelleiro de CxG-CCTT, Sr. García Couso, formularonse as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. alcalde:

PRIMEIRA.- En datas non moi recentes, hai un mes ou mes e pico, o alcalde mantivo unha reunión cos propietarios das parcelas do núcleo da Igrexa de Santa María, que está afectado pola sentenza que anulou parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal, polo recurso que presentou a plataforma de veciños, e pregunta:

- ¿Que traballos se fixeron para a modificación puntual do Plan Xeral?, e
- ¿Cando se vai a traer ao Pleno do Concello esa modificación?

SEGUNDA.- Tendo en conta que nos achegamos á metade da tempada de afluencia de peregrinos, pregunta ¿Cando se prevé abrir ao público a Oficina municipal

de Información Turística?

TERCEIRA.- ¿Cando se prevé o remate da obra “Humanización da rúa Cima do Lugar”, unha vez cumpridos xa os dous meses que se anunciaron na prensa que durarían as obras?

CUARTA.- Respecto á escola infantil, a pregunta non vai ser relativa a falta de prazas, que é un problema que segue existindo, senón que se refire ao descontento dos pais con respecto aos cambios constantes do persoal na gardería, o que crea un prexuízo para os nenos ao ter distintos coidadores, pois lles crea bastantes problemas.

Deseguido polo Sr. alcalde deronse as seguintes contestacións a esas preguntas:

a) Con respecto a primeira:

- Que é certo que se mantivo esa reunión a petición dos veciños afectados; e nesa reunión acordouse non esperar a outras posibles modificacións do Plan Xeral, senón traer ao Pleno esa en concreto, porque conleva uns trámites mais rápidos, e non habería necesidade de esperar a que se adoptasen as decisións que se tomen con respecto ao Plan Xeral.

- Que a empresa que está mirando estes temas esta con iso, e durante a semana pasada, cando se interesou polo estado dos traballos, díxoselle que os estaban rematando.

b) Con respecto á segunda:

- Que esta semana rematou o proceso de selección, e a persoa que aprobou tomará posesión a semana que ven, canto antes.

- Que non imos mais retrasados que noutros anos coa cobertura dese posto de traballo, xa que se asinou bastante tarde o convenio coa Secretaría Xeral de Turismo; e eles, este ano, teñense que encargan do mantemento e limpeza do Camiño, e aínda non empezaron, porque non remataron o proceso de contratación.

- Que hai algúns concellos nos que non se esixe publicar o anuncio de contratación do técnico de turismo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, porén aquí -tanto o secretario como a interventora- consideran que si se debe facer e ademais, para poder publicar as bases, ten que recibirse no Concello a resolución definitiva, porque non lles vale coa provisional.

- Que, con respecto á obra “Humanización da rúa Cima de Lugar”, hoxe tivo unha entrevista co xefe da empresa que esta realizando as obras, e foi informado de que para a semana que ven empezarán a poñer a pedra, e en tres semanas quedará posta. De feito non ten ningunha queixa do ritmo que leva a execución desta obra, e cre que os veciños tampouco.

- Que, en canto aos cambios constantes de persoal na Escola infantil, foi unha cuestión que planteamos tanto á Consellería de Servizos Sociais como nun Consello escolar; son cuestións de saúde dos traballadores da Gardería, sobre as que el non ten ningún control; e non lle extraña moito, porque é un traballo complicado e difícil, que ten o seu custo tanto na saúde física como psíquica, e é verdade que se deron varias baixas no persoal.

*Da Sra. Quintela Pedreira (do PP), para expresar que hai unhas semanas que

temos noticia de que se está a construír unha especie de canceira na Feira de gando; e ela acercouse alí hai dúas semanas e viu que había dous cans, que non estaban nas mellores condicións posibles.

E non sabe: se se concedeu unha licenza para iso, se hai unha partida orzamentaria para iso, nin como se está facendo exactamente alí.

* Do Sr. alcalde para responder:

- Que non se vai a construír canceira ningunha, se ben é certo que alí estiveron dous cans, porque se nos pediu -por parte da asociación protectora de animais que hai en Arzúa- se os podíamos ter alí un par de días, porque había un deles que o quería adoptar unha persoa de Euskadi; e a asociación ten moitos cans, pero non ten moito sitio para eles.

- Que algúns concellos de Lugo contrataron os servizos dunha canceira, pero tiveron que dar marcha atrás, porque as canceiras están desbordadas.

- Que este tema é complicado, sobre todo para os concellos do último tramo do Camiño de Santiago, como Melide, Arzúa e O Pino.

- Que tivo unha reunión cunha avogada animalista de Lugo, que parece ser que é a única especialista neste tema en Galicia, e quixo contactar coa alcaldesa de Melide e o alcalde de O Pino, e quedaron en ter unha reunión conxunta a mediados de xullo para buscar unha solución.

- Que é imposible para un concello como Arzúa, Melide ou O Pino tomar unha solución sobre este tema, por razón das características que marca a lei, pois hai que ter dous coches: un para cans vivos e outro para cans mortos, e sería un custo bastante elevado, polo que habería que buscar unha solución conxunta sobre este problema.

* Da Sra. Quintela Pedreira (do PP) para preguntar se as obras que se fixéron alí pagounas o Concello ou a asociación.

* Responde o Sr. alcalde:

- Que os cans nunca estiveron nas mellores condicións neste concello, agora temos a sorte (entre comillas) de que contemos cunha asociación protectora que os está recollendo.

- Que o problema sempre o houbo cos cans de caza abandonados, pero agora incrementouse porque son os peregrinos quen os deixan abandonados nas últimas etapas do Camiño.

- Que non é un problema que se poida solucionar de hoxe para mañá, é un problema que ten que ter un consenso entre varios concellos, con axuda da Xunta ou da Deputación, é un problema de custe e tamén de persoal que atenda iso.

- Que os concellos estamos a ter bastantes problemas para contratar persoal, por outras cuestións que xa temos comentado, porque desde que empezou a crise estivemos atados, e non podemos contratar o que queremos senón o que nos deixan.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expoñer:

- Que no faría falta comprar dous vehículos, senón dispoñer de dous remolques diferentes.

- Que o tema é complicado, porque terían que xuntarse varios concellos, e que contasen cunhas axudas.

- Que cre que é unha responsabilidade dos concellos o velar pola saúde e recuperación dos cans.

* Do Sr. alcalde para manifestar:

- Que nas reunións ás que asistiu o ano pasado, da Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés, este foi un tema que el sacou sempre.

- Que está a punto de saír unha nova lei para protexer aos animais, e espera que sirva tamén para mellorar esta situación.

- Que en todas as reunións que tivo nas parroquias o ano pasado tamén se tratou sobre este tema nun nivel máis básico, facéndolle saber á xente que un can non pode estar atado a un cepo toda a vida, nin pode andar solto polas pistas; e aínda que os veciños nos miraban con cara rara, xa empezaron a ter conciencia de que isto non se pode facer.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión as 21.25 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario, que certifica.